



O XABÓN DA TOXA FAISE INTERNACIONAL

Por: Javier Fernández Soutullo

No transcorrer do 1850, aproveitando varios acontecementos políticos e sociais que rodearon aqueles tempos, co Marqués de Riestra ao temón, fúndase a Sociedade La Toja, sendo por aquel entón a dona e señora de todo o que pagaba a pena nesa illa.


Por aqueles anos empezaron cun pavillón de madeira e cabanas de aluguer, as cales remataron sendo pasto das lapas.

A Sociedade volve a reconducir a situación, no 1863, axudado pola construción da estrada de Carril a O Grove, aínda que a maioría dos usuarios das termas acudían por mar.

Xa nos albores do século XX empézase a construír o Gran Hotel e, case que parello, a ponte que nos une coa illa da Toxa, paliando en gran medida o acceso aos tratamentos, pois eliminouse o transbordo en barcazas dende o embarcadiro, e incluso o cruce a lombos dun cabalo aproveitando as secas.



Da mesma maneira os empresarios ían dándolle forma a idea de urbanizar toda a illa, nunha clara aposta polo turismo de saúde e ocio. Todo isto requiriría un esforzo económico, social e mesmo político, brutal. Para conseguilo acordáronse do país máis poderoso do momento, Inglaterra, organizando, xa en 1904, unha sociedade nomeada no seu día *The British La Toja Company* sendo o seu principal obxectivo, a expansión, promoción e venda dos produtos e tratamentos da Toxa, por todo o Imperio Colonial Británico.



Previamente enviáronse mostras dos sales, augas e lodos que manaban nos mananciais da illa. Este traballo de análise foi acadado polo prestixioso Dr. santiagués D. Miguel Gil Casares, tamén fundador do Sanatorio da Lanzada dedicado á cura da tuberculose e que leva o seu nome (xa desaparecido).

Así un bo día do mes de xuño de 1909 arriban ao porto de Vigo no vapor Aragón os doutores Mr. Abrahán Carrington-Sikes, Sortain Hancock e Maitlán-Thompson, na compañía de Mr. Gibbons, (xerente de British- La Toja Company) e Mr. Sala alto financeiro da banca británica, quen financiaba o proxecto.

Estes doutores británicos e os seus acompañantes, foron recibidos no porto de Vigo, polo xerente da sociedade La Toja, Sr. Rodriguez Porrero e o xefe médico do balneario Dr Carrero. Desprazándose todos xuntos nun luxoso automóbil de 16 prazas. En dúas horas e media chegan a Vilagarcía, alí recíbeos D. Jaime Solá director da revista Vida Galega, que se converte no cicerone da expedición, e Mr Gibbons, afamado inversor británico quen facía as veces de tradutor.

As paisaxes e vistas da ría de Arousa, engaioláronos. Logo visitaron os pavillóns do Balneario, as salas de tratamento e a maxestuosidade daquel edificio, ao que chamaban Gran Hotel da Toxa. Impresionáronlles as habitacións, os grandes salóns con vistas espectaculares á ría, os frescos de D. Ramón Púlido que tampouco se perdeu a ocasión de coñecelos. Departiron cos doutores do Gran Hotel Srs. Gascía Millany e Carrero, preguntaron polos meses de funcionamento e apertura, sobre o clima, a gastronomía, zonas de ocio e mesmo se a caza era abundante. Contestáronlle que as oficialidades das escuadras rusa e británica acostumaban ir ao río Umia e ás súas ribeiras á caza de chorlitos reais, parrulos, garzas e grúas. Con esta afamada visita comezou a andadura dos produtos da Toxa polo mundo.



BALNEARIO DE LA TOJA - PONTEVEDRA (España)
6. Gran Hotel - Visita de varios afamados Doctores Ingleses al Balneario



Gran Hotel.-Comedor.



ACTIVIDADES "Pineiróns"

Agradecemento á:

Colabora



CONCELLO DE O GROVE
CASA DE CULTURA DE O GROVE